

Ana María Cacharrón Castelos, secretaria xeral do Concello de Bergondo (A Coruña)

CERTIFICO: Que, con data mércores 5 de decembro de 2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe literalmente:

“3. SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O ANO 2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.

A continuación dáselles conta aos/as asistentes do expediente referente a este asunto, no que consta, entre outros, a proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

“A Comisión Técnica de Avaliación, reunida na Casa do Concello, ás nove e media horas do catro de decembro de dous mil dezaoto, consonte coa desinación efectuada na Resolución num.1248/2018, e coa asistencia de todas as integrantes, procedeu á avaliación e determinación das contías definitivas a percibir en concepto de subvención por cada unha das entidades presentadas á convocatoria, segundo o disposto na base núm. 10 da “Convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para o exercicio económico de 2018”, publicada no BOP núm. 79 de data 26 de abril, estendendo a acta correspondente.

Vista a proposta contida na devandita acta, no uso das atribucións legalmente conferidas, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar as contías definitivas a percibir por cada unha das entidades beneficiarias da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para o ano 2018, segundo o que figura no Anexo I.

SEGUNDO: as contías reflectidas no Anexo I, imputaranse ás seguintes partidas orzamentarias:

334/482.00 “Outras transferencias-Cultura”

341/482.00 “Outras transferencias-Deporte”

TERCEIRO: notificar o presente acordo ás entidades beneficiarias.

Anexo I

| ENTIDADE | SUBVENCIÓN INICIAL | SUBVENCIÓN FINAL |
|--|--------------------|------------------|
| ASOCIACIÓN COSTUMES DE BERGONDO | 1.941,07€ | 1.811,67€ |
| É o resultado de descontar da subvención inicial (1.941,07€) o importe correspondente á actividade NON REALIZADA “Celebración festa da confraternidade e aniversario” (129,40€). Base 9.2 ...” a xustificación do importe concedido entenderase realizada de forma global, sempre que se realicen todas as actividades para as que se solicita subvención, de non ser así reducirase a subvención no importe concedido para esa actividade non realizada” | | |
| CLUB SOC. DEP. CENTRO | 898,64€ | 898,64€ |
| A.C.D OS SOBRAOS DE BERGONDO | 754,86€ | 754,86€ |
| OBRADOIRO DAS IDEAS | 381,02€ | 381,02€ |
| CLUB DE TENIS A PEDRALBA | 1.449,81€ | 946,87€ |
| Inadmitir os gastos de aluguer de pistas en virtude de sentenza recaída con respecto á legalización das mesmas. A exclusión desas facturas conleva a non xustificación do 100% (4.861,70€) se non do 65,31% (3.175,20€) polo tanto “No caso contrario de que se xustifique:...gasto inferior o 100% e, polo menos do 50% aboabase a parte proporcional da subvención” | | |
| AGRUPACIÓN FOLCLÓRICO CULTURAL SAN XOÁN | 1.433,04€ | 1.433,04€ |
| CLUB PLATINO- A NOSA VIÑA | 623,06€ | 623,06€ |
| ASOC. CULT. GAITEIROS ALÉN DO MAR | 829,15€ | 829,15€ |

| | | |
|--|-----------|------------------|
| CLUB DE REMO OLÍMPICO DO MANDEO | 1.198,19€ | 1.198,19€ |
| ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS DE SAN CIDRE | 594,30€ | 594,30€ |
| ASOCIACIÓN RECREATIVA, CULTURAL Y DEPORTIVA "RÍA DO PEDRIDO" | 522,41€ | 522,41€ |
| ASOCIACIÓN DE VECINOS DE SAN PEDRO FÉLIX DE VIJOY | 1.126,30€ | 1.126,30€ |
| SOCIEDAD DE CAZADORES AS MARIÑAS | 467,29€ | 467,29€ |
| ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS "PEDRAS BRANCAS" | 1.392,30€ | 1.392,30€ |
| ASOC. DE LOITA CONTRA O CANCRO X.L BERGONDO | 1.000,00€ | 1.000,00€ |
| ASOC. CULT E TEATRAL CATRO GATOS | 323,51€ | 306,14€ |
| <p>Ao non ser contabilizadas as facturas de Restaurante SIMBO (18,00€) e Varyfer (51,60€) xa que de acordo co establecido na base 2.3 ..."Non serán obxecto sa subvención:... Os gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos" ; non xustifican o 100% se non o 94,60% polo tanto, "No caso contrario de que se xustifique...gasto inferior o 100% e, polo menos do 50% aboarase a parte proporcional da subvención"</p> | | |

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime máis conveniente.

En Bergondo, na data que figura na marxe

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”

Os/as asistentes, tralo exame do expediente, e despois da correspondente deliberación, aproban por unanimidade a proposta que devén en acordo nos termos nos que se acaba de transcribir.”

E para que conste, expido a presente certificación, coa salvidade do artigo 206 do R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por orde e co visto e praxe da alcaldesa.

Bergondo, na data indicada na marxe.

A secretaria
Ana María Cacharrón Castelos

Vº. Praxe. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez